



Os anos setenta, tamén en Galicia, representan unha revolución cultural, un desbordamento dos modos de vida e das estruturas políticas tradicionais. O retorno do popular, as ideas da contracultura e a decadencia franquista teñen un gran impacto na experiencia da época, unha mutación colectiva profunda, que a sociedade de consumo foi apenas capaz de absorber posteriormente. Certo que a transición institucional representa a fundamental continuidade do Estado franquista coas lóxicas populistas da Xunta de Fraga e que, polo camiño, os fantasmas republicanos tiveron que ser espantados a tiros até por fin emparedar a Castelao en Bonaval. Pero culturalmente, as experiencias das mocidades dos setenta significan un pandemonio no que se arrexuntan as loitas políticas e as reclamacións cidadás, das grandes folgas de Ferrol e Vigo ás loitas ecoloxistas de finais da década. Moitos son os laboratorios asociativos nos que se vai construír unha democracia inscrita no cotiá, baseada nun poder do común, nun retorno cara á cultura propia e nun desexo de emancipación, das reclamacións galeguistas á revolución sexual. Boa mostra destes espazos experimentais vémosla nas recuperacións do entroido e das festas populares, os festivais de música, os traballos das asociacións de veciños, as loitas veciñais polo territorio, o nudismo ou o movemento insubmiso.

Nese sentido, cómpre salientar o papel do teatro como obradoiro de consciencias, desde o Festival de Ribadavia até as xornadas experimentais d'O Castro, das montaxes do Círculo de Artesáns á revolución dos monicreques da man de Kukas. Resulta especialmente ilustrativa destas encrucilladas experiencia de Manoliño Nguema, que fora mimo no Santiago dos setenta e, formado no Circo de los Muchachos de Ourense, acabaría liderando o teatro independente na Guinea Ecuatorial.

Os obradoiros de cerámicas son outro espazo de transformación artística e política e cómpre falar do legado (aínda sen asimilar) impulsado por Díaz Pardo –e Luís Seoane– a través do Laboratorio de Formas. Nese ámbito educáronse varias xeracións de oleiros en diálogo con escritores, investigadores, artistas ou actores. Desde o Museo Maside ou Edicións do Castro, o universo do Laboratorio operaba como unha sorte de ministerio de cultura dun país por facer, unha Bauhaus galega, un novo Seminario de Estudos. Hoxe todo ese patrimonio foi perversamente usurpado por homes sen escrúpulos. Pero os traballos de Vizoso ou de Pérez Porto e Carme Romero representan algunhas das liñas de dignidade que espallan aquela herdanza cara o futuro.

Por último, cómpre falar da experiencia sucedida no Hospital Psiquiátrico de Conxo, unha institución fundacionalmente deseñada para extraer do progreso da sociedade aos disidentes do seu sentido común –pobres, labregos, vítimas das violencias da Modernidade, presos políticos, persoas reprimidas–. Alí, nos anos setenta, tivo lugar unha das experiencias de crítica institucional máis radicais daquel tempo. Daquela, protexidos polas tapias da institución, un conxunto de psiquiatras democratizaron a vida e os traballos no interior do psiquiátrico, coa complicidade de internos, traballadores e veciños. Despois, os estudantes de Santiago responderán ós ouveos desa utopía, reivindicando a singularidade creadora dalgúns dos seus famosos internos, abrazando o poder liberador do inconsciente colectivo, e tratando de aprender a vivir nun mundo sen patróns, pero con moitos traballiños para non traballar.

A liberdade dentro do manicomio: laboratorios culturais e vida en común